

Un ano máis, o Concello de Viana do Bolo conmemora o Día Internacional das Mulleres (8 de marzo), renovando o seu compromiso e esforzo á hora de apoiar e promover medidas que promovan, por un lado, a igualdade real entre homes e mulleres e, polo outro, a eliminación da violencia machista en todas as súas formas e manifestacións.

Este ano, e debido ás limitacións propias destes tempos complicados que estamos a vivir, as actividades propostas están pensadas tendo en conta as normativas e restricións vixentes, pero sempre coa mesma ilusión e finalidade: implicar a toda a veciñanza vianesa para acadar unha igualdade real.

Así, os actos e actividades propostos son os seguintes:

- **A Mochila do CIM:** É unha iniciativa que busca achegar aos fogares vianeses a igualdade dende diversos materiais (libros, xogos, etc). O seu obxectivo é proporcionar recursos, tanto a grandes coma pequenas, para afondar na igualdade dun xeito adaptado á situación sanitaria. Ten dúas modalidades: a mochila para cativas (de 8 a 12 anos) e a de adultas. As persoas interesadas terán que solicitar a mochila no CIM de Viana e poderán dispor dela durante 15 días para que esta poida rotar entre todas/os as/os veciñas/os que o desexen.
- **Mural Colaborativo “Tod@s pintamos algo”:** Dende o CIM coa colaboración da ANPA CEIP Bibei, a rapazada que o desexe poderá colorear un fermoso mural protagonizado por grandes e ilustres mulleres galegas (Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán, Maruja Mallo, etc.). O deseño do debuxo é obra do xove ilustrador vianés de David Álvarez González, ao que lle auguramos un gran futuro no mundo do debuxo e a ilustración.
- **Campaña “Eu hoxe colgo mandil”:** Continuando coa idea e coas reivindicacións do feminismo nos últimos anos, a iniciativa “Eu hoxe colgo o mandil”, trata de visibilizar o traballo non remunerado que adoita recaer sobre as mulleres. Falamos do traballo doméstico e labores do fogar, pero tamén dos traballos relacionados co coidado das crianzas e persoas dependentes. A iniciativa pretende que a veciñanza vianesa colgue un mandil na fachada das casas e que tamén o faga de forma “virtual” compartindo esta campaña a través das Redes Sociais. Ç
- **“Aprende coas mulleres galegas”** é unha iniciativa en forma de material didáctico elaborado pola Secretaría Xeral de Igualdade que pretende dar a coñecer e afondar na vida de grandes mulleres galegas (Ángela Ruiz Robles, Maruja Mallo, Filomena Dato, Isabel Zendal, etc). Dende o CIM daremos visibilidade a este proxecto tan interesante e educativo e publicaremos a través das nosas Redes Sociais algunhas das unidades didácticas.
- **Ciclo de Curtas e Vídeos de creación vianesa:** Outra das iniciativas que propoñemos é a de dar visibilidade e publicidade a varios vídeos de igualdade feitos pola mocidade vianesa nos últimos anos (curtas, documentais, vídeos musicais, de humor, etc). Diversos formatos e historias que xiran en torno a un eixe común: a promoción da



igualdade de xénero. As creación serán publicadas tamén a través da canle de YouTube do CIM e do Concello e das Redes Sociais

- **Obradoiros no IES Carlos Casares:** a dinamizadora do CIM encargarse de impartir 2 obradoiros de igualdade entre o alumnado de 1º e 2º da ESO
- **Roteiro “Viana en Feminino”:** Trátase dun interesante roteiro polas rúas de Viana do Bolo no que narraremos a importante contribución que as mulleres fixeron a historia da nosa vila e comarca. O roteiro constará de varias de escenas que serán representadas por veciñas de Viana e rematará cunha emotiva sorpresa para o público asistente. O número de participantes será limitado, polo que é preciso inscribirse previamente no CIM.

Aínda que, como se pode ver, a meirande parte das actividades están pensadas para poder realizarse de forma individual e/ou virtual, compre resaltar que a celebración das actividades pode sufrir aprazamentos ou cancelacións en función das restricións existentes no momento da súa celebración.

En Viana do Bolo, a 26 de febreiro de 2021

A Concelleira de Servizos Sociais e Igualdade

Asdo .Ramona García Méndez